



Coplas do corazón de Antonio Tizón

11 de Setembro 2025 | Publicada por Radio Fene

<https://www.radiofusion.gal/actualidade/novas/copras-do-coraz%C3%B3n-de-antonio-tiz%C3%B3n>

“O exercicio literario de Tizón non é outro có de seguir o fío daquel Tio Marcos da Portela de Sarmiento ou daquela meniña gaitreira de Rosalía de Castro, mesmo no título de Coplas, aínda que nos seus textos tanto o frade bieito como a cantora do Sar utilizasen sempre a forma copras” afirma o escritor Anxo Angueira no texto titulado Neno tolo, que abre o volume Coplas analfabetas de Antonio Tizón.

ESCOITA O PODCAST:

Conversa con Antonio Tizón sobre "Coplas analfabetas":

<https://redefusion-eu.us.stackstaging.com/audio/100925TIZON.mp3>

A editorial Elvira deu forma ao proxecto de Antonio Tizón e de todo o equipo artístico, coordinado por Eugenia Sanmartín, que o fixo posible. Está inspirado na figura de María Dominga Cordeiro García, unha muller analfabeta que gardaba centos de copras na súa cabeza, unhas copras que lle cantaba ao seu neto preferido cando se sentaba con ela á beira da súa cama. Foi unha mera casualidade que o libro saía cando a Real Academia Galega lle adicou o Día das Letras Galegas ás cantareiras.